



Patricia Rodríguez
Directora Xerente
Software

software.



// Sector
Tecnolóxico



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2001



// Nº empregados
+3

// Descrición da empresa

Micropeme galega creada co obxectivo de realizar avaliacións de produtos de software desenvolvidos por terceiros para identificar os efectos dos seus fallos e propoñer diferentes solucións ao provedor para mitigar, polo menos, os máis críticos. Ademais, axudan á avaliación e á mellora deses procesos utilizados para o desenvolvemento de software para que, xa desde os seus inicios, se desenvolva cun mínimo de robustez e calidade.

Os sectores nos que traballan son os seguintes: aeroespacial, automoción e aviónica, e moitas outras empresas que desenvolven software que queren mellorar os seus desenvolvementos (produtividade, satisfacción da clientela, menos erros nas entregas etc.).

"O servizo Re-acciona axudounos a plasmar as ideas dunha nova liña de negocio sobre o papel"


Patricia Rodríguez. Directora Xerente de Software

// Descrición do proxecto

Software solicitou o programa Re-acciona porque querían avaliar a súas liñas de negocio e abrir unha nova cun enfoque de mercado que fose exclusivamente a través de internet. Esta consiste nun novo proxecto de axuda a pemes para que desenvolvan o seu propio software poñendo á súa disposición materiais de autoaxuda en liña. O seu punto de partida era este, pero non sabían como plasmalo no papel. Soamente eran conscientes de que querían que esta idea se sustentase en catro puntos fundamentais:

1. Material gratuíto
2. Busca de provedores e rede de contactos que fomentase o networking
3. Adestramento gratuíto para as pemes neste ámbito
4. Axuda na certificación de selos de calidade e excelencia para as pemes usuarias






// O resultado

O programa Re-acciona axudoulles a plasmar no papel a nova liña de negocio que xa tiñan pensada e a obter unha serie de ítems para desenvolvela, todo iso co obxecto de mellorar a competitividade da peme e mellorar o seu catálogo de servizos.

O servizo achegoulles a visión de novos escenarios de futuro e permitiulles poñer as ideas en orde para poder afrontar o futuro cunha estratexia clara e apostar por esta nova liña de negocio.

“O programa Re-acciona supuxo unha axuda importante para afrontar a nova liña de negocio e mirar ao futuro con optimismo”

Patricia Rodríguez
Directora Xerente. Softwcare



// Web
<http://www.softwcare.com>



// Vídeo
Ver vídeo

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.